

UD 7

GLOBALIZACIÓN, MOVEMENTOS MIGRATORIOS E INTERCULTURALIDADE

1. GLOBALIZACIÓN

A globalización é un fenómeno caracterizado pola interdependencia económica, política, social e cultural de todos os países do mundo. Iniciouse a mediados dos anos 90 do S.XX e defínese polos seguintes rasgos:

- Ten unha cobertura mundial xa que calquera acontecemento afecta ao mundo na súa totalidade.
- É inmediata, pois grazas ás tecnoloxías da información e a telecomunicación, as decisións tomadas nun lugar poden ter efectos inmediatos noutro extremo do planeta.
- É basicamente económica, porque na globalización parece que todo se converte en mercadoría que se compra e se vende.
- Transformou as bases da sociedade, é dicir, o xeito de producir, de vivir e incluso as formas de goberno.
- Creou unha conciencia global, o sentimento de compartir con persoas de todos os lugares do mundo por determinados temas como a sostibilidade do planeta e a desigualdade dos seres humanos.

CONSECUENCIAS DA GLOBALIZACIÓN

A globalización creou un mercado único no que teñen lugar movementos de persoas, mercadorías e recursos (materias primas, fontes de enerxía...) e, á vez, permite o intercambio de ideas, coñecementos e información.

Os movementos de ideas

As telecomunicacións (televisión, Internet) e os medios de transporte fan posible o contacto entre persoas que se atopan en lugares distantes. Como consecuencia destas relacións prodúcese intercambios nas costumes, a literatura, a arte, a ciencia e a tecnoloxía. Porén, ao mesmo tempo, o desenvolvemento na electrónica e comunicacións explica, en parte, os desequilibrios existentes no mundo: os países máis ricos son os que teñen maior capacidade de innovación tecnolóxica.

A sociedade da información

É un concepto relacionado coa capacidade que temos as persoas para adquirir e transmitir datos de distintas formas, en calquera momento e lugar. A sociedade da información deu paso á sociedade do coñecemento (os datos non só se reciben senón que ademais se seleccionan e serven para a aprendizaxe e a formación das persoas). A radio, a TV, a telefonía móbil ou internet permiten coñecer calquera acontecemento que ocorre no mundo a tempo real.

A división do mundo

A globalización difundiu ao resto do mundo a cultura e o modo de vida dalgúns países occidentais (especialmente EEUU e algúns países europeos). Isto deu lugar a que algúns pobos e culturas defendan os seus valores e crenzas ante a intromisión cultural que sofren. A globalización contribuíu a que o mundo quede dividido en dúas grandes áreas:

- **Áreas centrais.** Son os países líderes, centros de decisión que marcan a dirección política e económica do mundo. Correspóndense cos países máis ricos como EEUU, UE e Xapón, e as súas áreas de influencia como América do Norte, Rusia, Sudamérica ou China.
- **Áreas periféricas.** Son os países menos desenvolvidos e caracterízanse por ter dependencia case total con respecto ás áreas centrais.

POLÉMICA SOBRE A GLOBALIZACIÓN

Existe un debate entre os que están a favor e os que están en contra do proceso de globalización con diferentes argumentos:

- En contra. Arguméntase que coa globalización esténdese o capitalismo e que só se favorece aos máis ricos; que as decisións dos gobernos dependen máis das empresas multinacionais que dos seus políticos; e que se impoñen as modas e costumes do mundo desenvolvido, esquecéndose e deixando de lado as propias características de cada pobo.
- A favor. Din que coa globalización todo o mundo ten acceso a moitas cousas diferentes; que se acercan as culturas e as persoas de todo o mundo; que se transmiten coñecementos que enriquecen ás persoas de todo o planeta; que o sistema da democracia parlamentaria difundíuse máis que nunca, aínda que queden sistemas ditatoriais e as democracias parlamentarias teñan defectos que as fan menos participativas; extensión por todo o mundo da idea de que hai que preservar uns dereitos humanos básicos que sexan universais (que afecten a todos por igual sen discriminación por razón de sexo, ideas, relixión, procedencia, cor da pel, etc., aínda que na práctica hai moitos sitios onde non se respectan.

A GLOBALIZACIÓN ECONÓMICA

A máis clara é a globalización económica, que supón unha serie de efectos teoricamente positivos:

- O libre movemento das industrias e empresas o que tería como consecuencia que o país receptor da industria sae beneficiado ao crearse novos postos de traballo.
- O libre movemento de produtos. Os consumidores do país receptor poden acceder a un maior número de produtos e a un menor prezo.
- O libre movemento de diñeiro (capitais). O país receptor de investimentos sae beneficiado durante o tempo que ese diñeiro siga nese país.

Porén, hai aspectos que non se globalizaron (Globalización incompleta):

- Non se globalizaron os dereitos laborais. Hai países nos que non se respectan os dereitos laborais. Os traballadores e traballadoras reciben salarios moi baixos, case de subsistencia.
 - As xornadas laborais son moi longas, sen recoñecer horas extraordinarias e sen vacacións pagadas (explotación laboral).
 - Non hai seguridade no traballo, con accidentes frecuentes.
 - Exploración infantil. Os nenos e as nenas tamén traballan e non poden estudar.
 - As mulleres traballan aínda en peores condicións (discriminación laboral) e poden verse obrigadas a caer nas redes de prostitución para sobrevivir.
 - As empresas aproveitanse desta situación e trasládanse a eses países porque obteñen maiores beneficios que nos países onde se respectan eses dereitos. Esta situación prexudica ao país onde se respectan os dereitos laborais xa que perde postos de traballo, e prexudica tamén aos traballadores e traballadoras do país ao

que chegan as empresas porque non poden mellorar a súa situación laboral se non queren que a empresa se traslade a outro sitio.

- Non se globalizou o dereito ao libre movemento de persoas. Non hai libre movemento de persoas. Unha empresa (multinacional) doutro país pode instalarse no que decida para gañar diñeiro e logo levarse ese diñeiro ao seu país, pero os habitantes do país de produción non poden ir a ese país que recibe os beneficios.
- Non se globalizou a política fiscal. Os servizos sociais (educación, sanidade, pensións, etc.) necesitan diñeiro do Estado para poder ser universais.
 - Hai países que con impostos conseguen ingresos necesarios para mantelos, pero hai outros nos que os impostos son baixos e non ingresan o suficiente para ter servizos sociais universais. O problema é que as empresas se trasladan a estes países para pagar menos impostos. Isto prexudica a quen vive no país desenvolvido (impostos altos), xa que terán menos diñeiro para manter os servizos sociais. Tamén prexudica a quen vive no país en vías de desenvolvemento (cos impostos baixos), xa que non poderán ter uns servizos sociais universais porque se quixeran subir os impostos para obtelos, a empresa trasladaríase a outro sitio.
 - Hai países aos que se pode levar o diñeiro para non pagar impostos. Chámanse paraísos fiscais. Isto prexudica aos que viven no país desenvolvido porque os Estados teñen menos ingresos para manter os servizos sociais.


Ao non existir unha globalización completa, os aspectos económicos da globalización que son positivos en teoría, convértense en negativos na práctica.

2. MOVEMENTOS MIGRATORIOS

(De www.ficus.pntic.mec.es)

DEFINICIÓNS

A escala nacional ou local, a poboación pode aumentar ou diminuír, ademais de polos movementos naturais, polos **movementos migratorios**, que son os desprazamentos humanos de longa duración dun lugar de orixe a outro de destino. Dentro dos movementos migratorios podemos distinguir dous compoñentes principais dependendo de se o suxeito vai a un lugar ou sae del. Cando o individuo abandona o seu lugar de orixe contabilízase como **emigrante**, mentres que cando chega ao lugar de destino considéraselle como **inmigrante**. Existe un terceiro compoñente dentro das migracións, que se produce cando individuos emigrados volven pasado un tempo ao seu lugar de orixe, denominándose **retornados**.



CÁLCULOS: SALDO MIGRATORIO, TAXA DE SM, CRECIMENTO REAL DA POBOACIÓN

Para medir o movemento migratorio en números absolutos utilízase o denominado **Saldo Migratorio**, que é a diferenza entre as persoas chegadas a un lugar e os que marchan, isto é, entre inmigrantes e emigrantes. Este cálculo pode ser negativo no caso de que existan máis emigrantes que inmigrantes ou positivo no caso contrario.

$$SM = I - E$$

Porén, cos números absolutos non podemos realizar comparacións entre distintos lugares debido a que cada un ten un tamaño e unha poboación diferentes, por iso utilizamos a **Taxa de Saldo Migratorio**, que pon en relación o saldo migratorio coa poboación absoluta dese lugar expresándose en porcentaxes.

$$TSM = SM \times 100 / \text{Poboación total}$$

Para calcular o **Crecemento Real da Poboación** dun lugar determinado, non só hai que ter en conta os nacementos e as defuncións, senón tamén as chegadas e saídas de xente a ese lugar. Polo tanto, para calcular este resultado haberá que sumar o Crecemento Natural co Saldo Migratorio, tendo en conta o signo de ámbolos dous, xa que poden ser negativos, igual que o resultado final.

$$CRP = CN \pm SM = CRP = (N-D) \pm (I-E)$$

FACTORES CONDICIONANTES DOS MOVEMENTOS MIGRATORIOS

Os movementos migratorios son causados pola conxunción de diferentes factores, tanto **repulsivos**, que invitan a saír do seu lugar de orixe aos individuos, como **atractivos**, que os invitan a desprazarse ata o lugar de destino. Os principais causantes dos movementos migratorios pódense resumir nos seguintes:

- a) **Económicos:** A falta de traballo no lugar de orixe, e as expectativas de mellores condicións de vida e a demanda de man de obra no destino favorecen as migracións desde países menos desenvolvidos cara os máis desenvolvidos. Exemplo deste tipo de migracións foi a dos europeos do Sur (portugueses, españois, italianos, gregos, turcos), que tras a II Guerra Mundial emigraron cara aos países do Norte de Europa que demandaban moita man de obra para a súa reconstrución, como Alemaña, Países Baixos, Francia, Suiza, Austria, etc. Actualmente este tipo de migracións se dá entre os países pobres do Sur (África, Latinoamérica), cara aos países ricos do Norte (Europa, EE.UU.).
- b) **Catastróficos:** A erupción dun volcán, un terremoto, incendios, inundacións, etc. poden provocar a fuxida masiva de poboación desde o seu lugar de residencia cara a outros lugares. Tras estas catástrofes a poboación adoita perder todas as súas pertenzas, as terras de labor, as súas vivendas, etc. polo que decide emprender unha nova vida noutro lugar.
- c) **Problemas humanos:** A actividade humana tamén é causa das migracións. As guerras (como no caso da antiga Iugoslavia); as persecucións relixiosas (que provocaron movementos importantes de persoas durante a Idade Moderna), políticas, étnicas, etc; a colonización e posterior descolonización de novas terras por parte dos países europeos; o tráfico de escravos; etc.

- d) **Socioculturais:** A atracción da cidade para vivir, que fai que moitos habitantes do medio rural decidan o seu cambio de residencia para ofrecer maiores oportunidades aos seus fillos. Tamén se dá o caso contrario, persoas que viven nas cidades e deciden trasladarse ao medio rural para combater o estrés urbano.

TIPOS DE MIGRACIÓNS

Segundo o criterio que utilizemos para estudar as migracións obteremos diversas clasificacións, entre as que podemos sinalar as seguintes:

- a) **Segundo a duración da estancia fóra do lugar de orixe:** como principais compoñentes desta clasificación están:
- as migracións **definitivas** que son as que se realizan co propósito de asentarse para sempre no lugar de destino;
 - as migracións **temporais** que se efectúan coa intención de regresar tras un período de tempo. Pódense distinguir dúas variantes deste último tipo que son:
 - as migracións **estacionarias**, que se realizan dependendo da estación do ano e, polo tanto, sen perder o contacto co lugar de orixe (temporeiros agrícolas, trashumancia);
 - as migracións **pendulares**, as realizadas por persoas que viven nun lugar e traballan noutro, polo que se teñen que desprazar diariamente en ámbolos dous sentidos.
- b) **Segundo a motivación do individuo** pode ser:
- migración **forzosa**, cando a persoa desprazada o fai á forza, sen que exista outra posibilidade (refuxiados de guerra, perseguidos polas súas ideas, escravos);
 - ou pode ser **libre**, cando a migración se realiza voluntariamente por parte das persoas desprazadas (traballadores).
- c) **Segundo o destino das migracións** poden ser:
- Migracións **interiores** cando se realizan dentro dun mesmo país, existindo catro posibilidades:
 - Migracións **campo-campo** (cando habitantes do medio rural se desprazan a outros lugares rurais para traballar: temporeiros);
 - Migracións **campo-cidade** ou **éxodo rural** (cando existen trasvases de poboación desde o medio rural cara á cidade, é o máis típico dentro das migracións interiores, producíndose o fenómeno de urbanización ou crecemento das cidades sobre todo en momentos de alza económica);
 - Migracións **cidade-campo** (cando habitantes das cidades deciden marchar ao campo debido principalmente ás crises económicas, producíndose a ruralización da sociedade);
 - Migracións **cidade-cidade** (trasvases de poboación entre cidades dun mesmo país; adoitan ser persoas de alto nivel profesional que cambian de destino xeográfico).
 - Se o destino é outro país diferente denomínanse migracións **exteriores**, que son **continentais** ou **intercontinentais** dependendo de se se realizan a curta ou longa distancia, sendo estas últimas máis permanentes no tempo.
- d) **Segundo o momento histórico no que se desenvolveron:**
- Migracións **históricas**, aquelas que se realizaron no pasado: colonizacións, invasións, escravos.

- Migracións **actuais**, aquelas que se desenvolven hoxe en día, sendo as principais as que se levan a cabo entre os países pobres do Sur cara aos países ricos do Norte (desde África cara á Unión Europea ou desde México e outros países latinoamericanos cara a EE.UU.), os refuxiados de guerra e o éxodo rural.

CONSECUENCIAS DAS MIGRACIÓNS

As migracións afectan tanto aos territorios de orixe, que perden poboación como aos territorios de destino, que a gañan. Este transvase poboacional nótase en diferentes aspectos sociais e económicos de ámbolos dous territorios. Os máis importantes son os seguintes:

a) DEMOGRÁFICOS:

- A poboación emigrante adoita ser nova, en idade de traballar e procrear, polo que os destinos anóvanse, mentres que a orixe avelléntase ao quedar os efectivos poboacionais máis vellos, que xa non procrean. Así pois, nos destinos aumenta a natalidade e diminúe a mortalidade, ao contrario que nos lugares de procedencia.
- Outro efecto demográfico é o desequilibrio de sexos, xa que adoitan emigrar máis homes que mulleres, polo que no lugar de destino hai maior proporción de homes e no de orixe de mulleres (tamén se dá o caso contrario cando son as mulleres as que emigran).
- Un efecto máis sería o crecemento desmesurado das cidades que acollen á poboación emigrante do medio rural. Nas cidades obsérvanse todos os efectos descritos neste apartado ao ser destino das migracións interiores.

b) ECONÓMICOS:

- Os emigrantes envían parte do seu soldo en divisas ao país de orixe, co que se produce un ingreso económico importante para o desenvolvemento económico deses países (é o que nas décadas dos 60-70 do S.XX se produce en España, na que as remesas dos emigrantes, conxuntamente cos ingresos procedentes do turismo, axudaron a equilibrar a balanza de pagos negativa).
- No lugar de orixe diminúe o paro ao marchar parte da poboación activa a outros lugares a traballar, mentres que no destino abarátanse os salarios por haber excesiva oferta de man de obra.
- Abandónanse terras de labor nas zonas rurais, aínda que habitualmente as menos produtivas, pero que poden causar problemas ambientais como a erosión, incendios forestais, etc.
- Prodúcese un crecemento excesivo das cidades. En moitas ocasións aumenta a poboación a maior ritmo que o crecemento de vivendas e de infraestruturas, polo que os que acaban de chegar débense aloxar onde poden, xurdindo zonas de chabolas nas periferias urbanas (sobre todo naquelas cidades dos países subdesenvolvidos que crecen moi rapidamente).

c) CULTURAIS:

- As migracións proporcionan a difusión de diferentes culturas por todo o mundo, como exemplo temos as culturas anglosaxona e hispana.
- Historicamente as migracións serviron para a difusión de avances técnicos, cultivos, etc. a outras partes do mundo, como fixeron gregos, romanos e árabes no Mediterráneo.

d) SOCIAIS:

- Falta de integración dos emigrantes no destino, debido a diferenzas culturais moi grandes, como o idioma, a relixión, etc.

- Desarraigo dos emigrantes dos lugares de orixe, debido por unha banda á falla de contacto habitual e, por outra, a un intento de integración excesivo que lles fai perder a súa identidade.
- Nas sociedades de acollida adoitan xurdir sentimentos de rexeitamento cara ao emigrante, ben simplemente porque é estranxeiro (xenofobia u odio ao estranxeiro) ou ben polas súas características físicas diferentes (racismo).

DISTRIBUCIÓN XEOGRÁFICA DOS FLUXOS MIGRATORIOS

A dualidade entre mundo desenvolvido e mundo subdesenvolvido queda reflectida moi claramente na distribución dos fluxos migratorios a escala mundial, onde podemos observar a existencia dos grandes focos receptores de poboación (EE.UU. e a Unión Europea) e varios menores (Australia, Sudáfrica), mentres que o resto do mundo son emisores de poboación. As principais zonas emisoras de poboación son o continente africano, tanto na zona do Magreb, como da África Negra ou Subsahariana cuxo principal destino é a Unión Europea; Latinoamérica, que emigra tanto cara a Estados Unidos, debido á proximidade xeográfica, como cara á Unión Europea a través de España (debido á proximidade cultural); e Asia Suroriental e China que, ademais dos destinos anteriores, tamén envía un forte continxente migratorio cara a Australia.

Durante os últimos decenios do S.XX, debido al aumento das migracións internacionais, os países receptores desenvolveron políticas de control da inmigración para impedir o acceso incontrolado de inmigrantes nos seus respectivos países, polo que se acentuou a inmigración ilegal, como intento de acceder a unha mellor vida por parte da poboación de países pobres. Estes intentos desesperados por alcanzar o destino cóbranse anualmente miles de vítimas nas fronteiras entre o mundo desenvolvido e o subdesenvolvido debido aos perigosísimos medios que deben utilizar para atravesar estas fronteiras. Entre EE.UU. e México se coñecen como *espaldas mojadas* aos que intentan atravesar xogándose a vida os ríos da fronteira. En Europa popularizouse o termo *patera* referíndose á barcaza que se utiliza para cruzar o estreito de Xibraltar, mentres que os que intentan chegar desde Cuba hasta EE.UU. por métodos similares se lles coñece como *balseiros*.

3. INTERCULTURALIDADE

(De www.entreculturas.org)

DIVERSIDADE CULTURAL

O fenómeno da globalización conleva a integración, en todos os terreos, de todo o planeta. Desaparecen as fronteiras xeográficas e económicas. As redes de comunicación manteñen conectados a todos os países e economías do mundo. Neste contexto insértase o fenómeno migratorio, fluxos de poboación que constitúen un reto na nosa sociedade, que se enfronta ao fenómeno da diversidade cultural e que cuestiona o modo de vivir xuntos, o modo de entender a sociedade e que invita a pensar nunha humanidade como comunidade, na que convivir, aceptarse, entenderse, respectarse e construír xuntos.

Vivimos nun mundo onde a diversidade cultural, entendida como multiplicidade de formas nas que se expresan as culturas dos grupos e sociedades, é a norma. As sociedades multiculturais, caracterizadas pola presenza ou coexistencia de persoas e poboacións de diversa orixe cultural nun mesmo territorio son un feito no noso mundo. Porén, non se vive nunha burbulla, cada un no seu grupo sen ningunha relación cos outros, senón que se

establecen relacións entre as diferentes culturas, unhas positivas e outras negativas, é dicir, non hai un único modelo de convivencia e integración. Existen diferentes opcións éticas e políticas que definen o tipo de relacións e as pautas de convivencia social entre os distintos grupos que comparten un territorio:

- **Asimilación.** Un grupo ou unha cultura é incorporada noutra, adoptando as súas manifestacións culturais (lingua, valores, costumes). Isto ten como consecuencia a perda da diversidade cultural e que sempre haxa unha cultura dominante que se valora como superior ou máis axeitada para o contexto. Téndese á homoxeneización cultural.
- **Fusión cultural.** A aportación de todos os grupos culturais dá lugar á formación dunha cultura nova e diferente. O resultado é a perda das culturas de orixe. Porén, unhas culturas poden valorarse como superiores ou máis axeitadas e predominar na nova cultura.
- **Segregación.** Os grupos culturais están totalmente separados segundo a súa procedencia. Xéranse procesos de guetificación e, polo tanto, de marxinação das culturas minoritarias. Non existe convivencia, senón diferenciación, rexeitamento, separación e segregación social.
- **Pluralismo cultural.** As culturas relaciónanse sen perder a súa diferenza nin fusionarse unhas con outras, valorándose en condicións de igualdade. Neste modelo de convivencia búscase a integración, a adaptación das diferentes culturas. Dentro do pluralismo cultural podemos distinguir:
 - **Multiculturalismo.** Por énfase en protexer as diferenzas e as particularidades.
 - **Interculturalidade.** Dá maior importancia a buscar puntos de encontro entre as diferentes culturas.

CONVIVENCIA INTERCULTURAL

A **convivencia intercultural** é unha aposta por construír relacións baseadas no diálogo, o encontro, o respecto, a aprendizaxe mutua entre as distintas culturas presentes nunha sociedade.

A **interculturalidade** consiste en que nos acerquemos a persoas doutras culturas, tendo en conta os seus puntos de vista. Propón o encontro baseado no respecto mutuo e no recoñecemento da nosa igualdade. As relacións interculturais poden provocar conflitos, tensións, choques, para o que é necesario poñer en práctica actitudes de escoita, diálogo, empatía, é dicir, ser quen de poñerse no lugar das outras persoas.

Porén, comprender unha cultura non significa ter que aceptar todas as prácticas, costumes, etc. O límite está no respecto á dignidade da persoa, os dereitos humanos e as normas e valores que protexen a convivencia, a igualdade de oportunidades e o benestar social. A crítica interna e externa ás culturas desde un punto de vista ético é necesaria para que se produzan cambios e transformacións sociais cara a un maior respecto á dignidade das persoas e aos dereitos humanos.

Esta convivencia intercultural ofrece moitas oportunidades pero tamén dificultades e retos que afrontar. Ás veces, na convivencia con outras culturas temos actitudes ante as outras persoas que poñen en perigo e obstaculizan dita convivencia. En moitos casos, os obstáculos á convivencia intercultural mestúranse con outras dimensións que van máis alá da cultura, como a situación socioeconómica ou a xurídica, que tamén temos que ter en conta:

- **Etnocentrismo.** É a tendencia a considerar superior a propia cultura e a aplicar os propios valores culturais para xulgar o comportamento e as crenzas de persoas doutras culturas.
- **Relativismo cultural.** Desde esta posición arguméntase que ningunha cultura pode ser xulgada ou valorada desde fóra ou cos patróns doutra, pero conleva o risco do “todo vale”.

Os Dereitos Humanos desafían ao relativismo cultural ao propoñer uns valores universais que están por riba das culturas existentes.

- **Estereotipo.** O estereotipo é unha imaxe creada socialmente, é dicir, unha idea ou xuízo prefixado, con frecuencia desfavorable, sobre o xeito de ser ou actuar doutro grupo. Caracterízase por basearse en xeralizacións.
- **Prexuízo.** É a formulación dun xuízo ou valoración baseada unicamente no uso de estereotipos e non en feitos reais ou comprobados, sen ter en conta o comportamento individual das persoas. As persoas dun mesmo grupo actuarán segundo un estereotipo marcado, sen ter en conta a individualidade de cada unha das persoas que forman dito grupo.
- **Xenofobia.** É o medo ou rexeitamento ao estranxeiro, ao estraño. Os factores que a explican son rexeitamentos de tipo laboral, racial, relixioso, político. Só se chega á aceptación cando existe acomodación aos valores sociais e culturais de quen os rexeita.
- **Racismo.** Considera que as persoas de determinada raza son superiores nalgún aspecto aos de outra raza e xustifica as situacións de dominio, rexeitamento ou agresión entre elas.
- **Discriminación.** Implica un trato desfavorable a unha persoa ou colectivo por motivos raciais, políticos, relixiosos, culturais ou sociais.
- **Marxinación.** Prodúcese cando unha persoa ou un grupos de persoas non son consideradas parte dun determinado grupo social. Implica a exclusión da sociedade e a imposibilidade, polo tanto, de participar na mesma.

Para **construír interculturalidade** temos que:

- ✓ Recoñecer a existencia de vínculos, valores e puntos en común entre diferentes culturas.
- ✓ Recoñecer que as culturas se necesitan unhas a outras e son interdependentes, desenvolvéndose na interacción e o cambio.
- ✓ Examinar criticamente os valores e antivalores da nosa propia cultura.
- ✓ Buscar puntos de converxencia e intereses comúns que poden construír unha unidade na diversidade.
- ✓ Ter vontade e disposición de aprender das outras persoas e grupos culturais.
- ✓ Previr os conflitos e, se aparecen, poñer os medios para regulalos, con énfase nas aprendizaxes que deles xurdan.
- ✓ Superar o etnocentrismo dialogando e discutindo os rasgos culturais que nos interesen ou afecten.
- ✓ Fomentar o respecto activo cara os demais.
- ✓ Loitar contra a discriminación cultural, étnica, de xénero, económica ou de calquera outro tipo.